fundación sgae

Bases das axudas á tradución de textos teatrais

Convocatoria 2025

Primeira: solicitantes

A Fundación SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas **conxuntamente** por **autores/as socios/as da SGAE** que desenvolvan a súa actividade principal no campo da dramaturxia e **un/unha tradutor/a profesional ou varios/as tradutores/as profesionais.**

Os socios deberán presentar un único texto de obra teatral, de autoría única ou en colaboración con outros autores. Deben indicar na solicitude os nomes e o número de DNI de cada un deles. Non existe limitación no referente ao número de autores dos textos teatrais que se presenten en coautoría.

No caso de que o texto presentado para traducir sexa de autoría en colaboración, todos os coautores deberán ser socios da SGAE sen excepción.

Así mesmo, a tradución poderá levala a cabo máis dun tradutor, e será necesario que se indique na solicitude o nome e o número de DNI de todos eles.

A tradución tamén poderá ser realizada por unha entidade con personalidade xurídica, sempre que na solicitude se indique o seu nome e número de identificación fiscal.

Un/Unha mesmo/a autor/a ou tradutor/a non poderá recibir máis dunha axuda da Fundación SGAE no mesmo ano, coa única excepción dunha posible axuda de viaxe.

Segunda: tipoloxía dos proxectos

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria os proxectos enviados polos solicitantes que cumpran coa cláusula primeira destas bases e cos seguintes criterios:

- Aos autores de nacionalidade española e residentes en territorio español que presenten o texto orixinal escrito en lingua castelá ou en calquera outra lingua cooficial do Estado Español soamente se lles aceptarán textos para ser traducidos a outro idioma diferente ás linguas oficiais do Estado Español.
- Aos autores de nacionalidade NON española e residentes en territorio español que presenten un texto orixinal escrito en lingua castelá ou en calquera outra lingua cooficial do Estado Español aceptaránselles textos para ser traducidos a outro idioma diferente do da súa lingua materna e diferente das linguas cooficiais do Estado Español.
- Aos autores de nacionalidade NON española e residentes en territorio español que presenten un texto orixinal escrito nun idioma que non sexa o castelán ou outra lingua cooficial do Estado Español aceptaránselle textos para ser traducidos a un idioma diferente ás linguas oficiais do Estado Español.
- Aos autores de nacionalidade española e NON residentes en territorio español que presenten un texto escrito en lingua castelá ou en calquera outra lingua cooficial do Estado Español soamente se lles aceptarán textos para ser traducidos a outro idioma estranxeiro diferente ás linguas cooficiais do Estado Español ou ao do territorio onde residan os autores.
- Aos autores de nacionalidade española e NON residentes en territorio español que presenten un texto orixinal escrito nun idioma diferente ás linguas oficiais do Estado Español soamente se lles aceptarán textos para ser traducidos a outro idioma

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

estranxeiro diferente ao do territorio onde residan os autores e diferentes ás linguas cooficiais do Estado Español.

- Aos autores de nacionalidade NON española e NON residentes en territorio español que presenten un texto orixinal nun idioma diferente ás linguas oficiais do Estado Español soamente se lles aceptarán textos para ser traducidos a outro idioma estranxeiro diferente ao do territorio onde residan os autores.

O proxecto debe ir acompañado da autorización da/s persoa/s autora/s para a/s persoa/s tradutora/s para realizar a tradución do texto asinada polo/s autor/es e o tradutor/es que soliciten esta convocatoria (facilítase o modelo na nosa páxina web). Independentemente diso, os autor/es e tradutor/es deberán subscribir o correspondente contrato de tradución entre eles. Admitiranse traducións realizadas desde o **1 de xaneiro de 2025** e aquelas que se teña previsto realizar ata o **31 de marzo de 2026**.

Terceira: achega da Fundación SGAE

A contía máxima atribuíble a cada solicitude non poderá superar os 2.000€ (impostos incluídos). O pago realizarase conforme co establecido na cláusula oitava destas mesmas Bases, mediante un documento de pago vinculado ao convenio para asinar entre a Fundación SGAE, o/a autor/a e o/a tradutor/a, e aplicando as oportunas retencións do IRPF. No caso de que a tradución xa se iniciase ou se finalizase con anterioridade á solicitude (dentro dos prazos estipulados na cláusula segunda) e o pago –parcial ou total a esta- xa estivese realizado por parte do autor/a ao tradutor/a, a axuda concedida faráselle efectiva ao/s autor/s desde Fundación SGAE. Isto farase unha vez que proporcione tanto a factura do servizo que lle prestase/n o/s tradutor/es (que deberá reunir os requisitos exixibles pola normativa aplicable vixente) como o xustificante bancario de cobro do importe da tradución polo/os tradutor/es. Se a tradución (e o correspondente contrato ou convenio) tivese data de inicio posterior á resolución destas axudas, o importe concedido aboaráselle directamente ao tradutor en función da autorización do/s autor/es para realizar a tradución, achegada na solicitude, sempre que a tradución non sexa realizada por unha empresa.

No caso de que fose aboado o importe ao tradutor, en supostos de coautoría do texto orixinal, a Fundación SGAE realizaralle o pagamento directamente ao autor/es que desembolsase/n este importe.

Se a tradución aínda non estivese rematada no momento da publicación dos resultados desta convocatoria e fose realizada por varios tradutores, a Fundación SGAE realizará o pagamento directamente ao/s tradutor/s cos que o autor asinase ou asinará o correspondente contrato de tradución, sempre que a tradución non fose realizada por unha sociedade mercantil. No caso de que a tradución fose pactada cunha entidade con personalidade xurídica, o/s autor/es deberá/s aboar o importe da tradución á empresa contratada, e posteriormente a Fundación SGAE realizará o pagamento directamente ao/s autor/s que teñan desembolsado o devandito importe previa presentación por parte do autor do xustificante de pagamento da tradución.

Cuarta: documentación

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cuberto conxuntamente polo autor/es e o tradutor/es.
2. CV do autor/a ou autores/as.
3. CV do tradutor/a ou tradutores/as.

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

4. Descrición do proxecto de tradución: sinopse, xustificación do idioma elixido para traducir, xustificación do tradutor/a elixido/a, cronograma da tradución, etc.
5. Texto orixinal.
6. Orzamento da tradución.
7. O contrato de tradución ou autorización asinada por autor/es e tradutor/es.
8. En caso de facer efectivo o pago da axuda ao/á autor/a, a factura do servizo que lle prestase o/s tradutor/es, que deberá reunir os requisitos esixidos pola normativa vixente, así como o xustificante bancario de cobro do importe da tradución por parte do/s tradutor/es.
9. Se os textos presentados xa foron editados o/os autor/es deberán garantir, presentando o contrato de edición, que se reservaron a titularidade do dereito de tradución. Pola contra, se o/s autor/es cederon en exclusiva o dereito de transformación para tradución deberán presentar xunto coa solicitude unha autorización asinada polo editor ou polo terceiro, que teña cedido o dereito de transformación mencionado, facultando o/s autor/es a contratar con tradutor/es a tradución obxecto desta convocatoria.
10. Autorización do/s autor/es e dos tradutor/es a favor de Fundación SGAE para que esta poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. O modelo de autorización que se debe presentar está dispoñible na web de Fundación SGAE dentro do apartado de convocatoria desta axuda.

Quinta: criterios de avaliación

Para a avaliación dos proxectos recibidos terase en conta a viabilidade do proxecto, segundo os presupostos presentados, a súa potencial repercusión sociocultural e a eficiencia na aplicación dos recursos achegados, se fose o caso, por estas axudas. Tamén se valorarán especialmente outros aspectos como o fomento da participación das autoras.

Sexta: presentación de solicitudes e prazo

1. O formulario de solicitude estará dispoñible no web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org. Deberá usarse o formato electrónico, e será necesario encher todos os campos. A Fundación SGAE avisará da recepción de todas as solicitudes, e notificaralles a aqueles que non presenten toda a documentación esixida os documentos que falten. O solicitante ao que se lle indique que non está completa a documentación presentada terá como prazo máximo para emendar a solicitude os 15 días seguintes á data en que Fundación SGAE lles comunique a falta dalgún documento. No caso de non ser resolta a solicitude no prazo indicado quedará desestimada.
2. O prazo de presentación das solicitudes para a convocatoria 2025 de axudas a traducións de textos teatrais iniciarase o **xoves 20 de marzo de 2025** e manterase aberto ata as 23:59 do **venres 16 de maio de 2025**. As solicitudes recibidas fóra deste prazo serán desestimadas.

Sétima: procedemento e resolución de solicitudes

1. Un Comité de Avaliación encargarase de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requirimentos indicados nestas Bases.
2. O comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución seralle comunicada a todos/as os/as interesados/as por escrito.
3. A resolución do comité será inapelable.

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

Oitava: formalización da colaboración

A Fundación SGAE, o autor/es e o tradutor/es cuxo proxecto fose aprobado, subscribirán un convenio de colaboración específico que conterá, necesariamente, as Bases establecidas neste documento e a información que relacionamos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pagamento.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE, memoria final e entrega da tradución final).

O convenio será formalizado co autor/es e tradutor/es da axuda, que debe cumprir co exposto na cláusula primeira destas bases.

Fundación SGAE solicitaralle ao/s autor/es e ao/s tradutor/es cuxo proxecto fose aprobado a documentación pertinente para a formalización do convenio. O prazo máximo para proporcionar esa documentación será de dous (2) meses, que comezarán a contar desde que Fundación SGAE fixese a solicitude. Se o/s beneficiario/s non fan entrega da documentación nese prazo perderán o dereito á axuda. Toda a documentación proporcionada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá.

Así mesmo, Fundación SGAE faralle chegar ao/s beneficiarios da axuda o convenio para subscribir entre as partes. O/s beneficiarios terán un prazo máximo de dous (2) meses para devolver asinados os exemplares do convenio acompañado do documento de pago para o cobro da axuda. A non entrega do convenio ou do documento para o pago no citado prazo faralle perder ao/s beneficiario/s a axuda.

Novena: deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información que as partes fornezan na xestión do proxecto ten carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros nin utilizada para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións determinadas pola lexislación vixente.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten as persoas solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE, e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación da persoa solicitante nesta convocatoria de axudas. O titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos, e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, para a atención de Servizos xurídicos, calle Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e deberá vir acompañada de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

Décima: normas xerais

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

1. A presentación da solicitude deberá realizala o propio autor do proxecto de obra teatral no caso de ser de autoría única, e no suposto de ser o proxecto de autoría en colaboración a solicitude deberán presentala todos os coautores conxuntamente.
2. No caso de que os tradutores presten os seus servizos profesionais a través de empresas con personalidade xurídica propia e cuxo obxecto social sexa realizar servizos de tradución, deberán presentar a documentación que acredite que as ditas empresas están correctamente constituídas e inscritas no correspondente rexistro, co fin de asinar o convenio preceptivo para formalizar a concesión da axuda, así como a documentación en vigor, debidamente inscrita, de quen sexan os seus representantes legais con capacidade de sinatura de convenios. Igualmente deberán acreditar que os tradutores son os seus traballadores ou que ostentan a representación dos devanditos tradutores para a realización dos seus labores profesionais.
3. Se os textos presentados xa foron editados para levar a cabo a súa explotación por un terceiro, o/s autor/es deberán garantir, presentando o contrato de edición, que reservaron para si a titularidade de dereito de tradución. Pola contra, se o/s autor/es cederan en exclusiva o dereito de transformación para a tradución da súa obra, deberá/n presentar unha autorización asinada polo editor ou polo terceiro que teña cedido o dereito de transformación mencionado, facultando o/s autor/es para contratar con tradutor/es a tradución da obra que presenten nesta convocatoria.
4. A presentación da solicitude por parte do autor/es e do tradutor/es implica a aceptación tácita das condicións e bases establecidas neste documento e comporta a autorización do autor/es e tradutor/es para que a Fundación SGAE poida difundir información da axuda prestada nas súas Memorias e demais publicacións.
5. Nos supostos de que a tradución non se realizase antes da resolución desta convocatoria, o/s tradutor/es deberá/n presentar o texto traducido, dentro do prazo establecido no punto 2º destas bases, é dicir, antes do 31 de marzo de 2025. En caso contrario o/s tradutor/es estará/n obrigado/s a devolverlle á Fundación SGE o/s importe/s que lles aboase/n.
6. O autor/es e o tradutor/es eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer o solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto e especialmente da responsabilidade derivada dos posibles danos e prexuízos que poidan ocasionarlle a un editor ou a un terceiro que posúa a titularidade do dereito de transformación para a tradución a todas as linguas e para todo o mundo do texto, e que non lle fose autorizado ao autor/es a súa tradución.
7. A Fundación SGAE non adquire, en virtude desta axuda, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa execución e desenvolvemento do proxecto diferente da achega concedida.
8. A lexislación aplicable a este documento é a española e as partes sométense expresamente á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, renunciando ao foro que poida corresponderlles.

Para máis información ayudas@fundacionsgae.org

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae